

OURENSE Edición Impresa

No territorio de A Gudiña foron recuperados 3.500 nomes de lugares

10/03/2007

Na casa da Viúva presentouse onte o traballo do Proxecto Toponímico de Galicia

Unha aplicación informática permitirá coñecer como se chaman os lugares do concello

(j.m.g. | ourense)

Os maiores de A Gudiña asistiron onte, e tamén rapaces, ao acto de presentación do Proxecto de Toponimia de Galicia, que polo que atinxe a este Concello xa está rematado. Agora ponse a exposición para facer correccións. Na Gudiña contabilízanse 3.500 microtopónimos do máis variado para nomear montes, vales, regueiros, muíños, corgas, edificios... Unha lista sen fin e de gran riqueza. A memoria viva dos maiores da zona que foron quen informaron aos técnicos do proxecto e que onte acudiron orgullosos ao acto.

O alcalde, Guillermo Lago, díxolles que se non é por eles, polos maiores, toda esa lista de nomes acabaría perdendo. A directora xeral da Administración Local da Consellería de Presidencia, Matilde Begoña Rodríguez, sinalou que non é un proxecto rematado senón que haino que perfilar. Para eso se expón. Cermán García, director do proxecto, explicou a súa importancia como ferramenta para contribuir á conservación do patrimonio cultural de Galicia.

E Vicente Feijoo, coordinador, amosou a aplicación informática que permite buscar todos os microtopónimos de A Gudiña no ordenador por diversas categorías. Algo que sorprendeu aos asistentes. Como engade Feijoo, a meirande parte dos topónimos falan, teñen significado pleno axeitado á realidade xeográfica do momento ou a unha realidade de outrora que descoñecemos por esquecida. Son nomes transmitidos de xeración en xeración desde fai séculos.

Cando a flor é chor

Na Gudiña hai topónimos curiosos como O Monte Chourido, en Carracedo «Este chorido é un adxectivo formado dunha forma arcaica do substantivo flor, polo que se a palabra seguiu a evolución natural da lingua daría O Monte Florido», explica Feijoo. Ao norte do municipio, perto de Veigas de Camba, a xente aínda di **chor** para referirse á flor.

O nome de A Gudiña, nun sitio coma este que é lugar de paso, procede dunha muller chamada Gotinia, verba de orixe xermánica que se refire á fundadora da vila, unha señora que tería unha venta.

Nos paneis de vistas aéreas do territorio estudado vense moitos topónimos referidos aos lugares onde os pastores botaban as súas siestas, os sestís: O Sestil de Cabanelas, o Sestil de Carramao, no Tameirón, ou O Sestil da Camplariña, en Herosa. Por certo, Vicente Feijoo subliñou a novidade de que a Erosa de toda a vida se escriba agora como Herosa «porque esa é a evolución natural da palabra, segundo os filólogos».

Os rapaces do CEIP Laureano Prieto ven a importancia deste traballo. Iván Fernández dixo que lle encanta. «Esto está moi ben porque aprendemos moito e ten utilidade para moitos traballos», dixo. «É unha gran axuda para buscar lugares e ten moita utilidade para coñecer os montes», sinalou Francisco sinalou Francisco Nieves.

Hai topónimos ben curiosos nesta zona como o dalgunha fonte chamada polo son que emite a auga ao sair ou polo olor da zona. Así aparecen a Fonte Peideira, en San Lourenzo; A Fonte do Cagallón, en Pentes. Outros nomes denotan asentamentos humanos ou edificios. Valen como exemplo O Castrelo da Gudiña; O Castrillón en O Canizo ou O Castelo, en Carracedo da Serra. Nomes de persoas de orixe xermánica dan topónimos como Gromar, en Parada da Serra; O Fermil, en Pentes ou O Bermún, en O Tameirón.